

Tócame facer un discurso de presentación nun momento no que estou de despedida... Decíndolle adeus a unha etapa de vida profesional que este ano remata, o que supón, entre outras, deixar atrás unha tarefa que ano tras ano ocupou boa parte do meu quefacer primaveral.

Y é que en xaneiro comenzaban a chegar o meu correo, os primeiros orixinais dos artigos da REVISTA CÁTEDRA dese ano. Durante seis meses as comunicacións coa Biblioteca Municipal se encadeaban unha tras outra. Dende alí, **Alexandre Caínzos mantiña o rumbo desta nave...**, pra levala a bon porto en xuño, cando se pechaba a edición (porque si recordades...: ata hai ben pouco tempo, o libro sempre saía neste mes de xuño, antes das vacacións de verán). Moito tiñamos pelexado as veces, verdade Alexandre, pra que todo cadrase así...
Todo iso, XA o lembro con MORRIÑA!

No decurso desta etapa que agora estou rematando, porque xa me toca como a moitos da miña xeración, ademais de traballar como xornalista nos primeiros dez anos, e tamén de editar algun que outro libro ou revista, adiqueime principalmente ao deseño, composición e mantemento de PÁXINAS WEB.

Ese foi en suma meu universo profesional dos últimos trinta anos. Un mundo que pouco ten que ver técnicamente coa imprenta salvo en que o grafismo das webs (o que chaman os ingleses a *Interface*) inspírase de algún modo nela -puro deseño gráfico-: titulares, caixas de texto, caixas de imaxes, regletas, marcos... (elementos da composición que tamén existen nas pantallas).

Pero qero sulñar aquí que, en paralelo ó mundo de *Internet* no que estaba inmersa todos estes anos, ter a oportunidade de maquetar a REVISTA CÁTEDRA supuxo neste tempo algo importante para min. Teño que dicir que foi unha sorte ter ligada a miña vida profesional á publicación deste libro. Mais que calquera traballo, a edición ano tras ano da revista, facíame sentir moi ben.

Dende 1996, cando comencei a traballar neste proxecto, CÁTEDRA sempre estivo ahí, como unha constante e como un fio umbilical que me mantivo unida non só aos oríxes familiares do meu oficio -crieime entre caixons de tipos, botes de tinta e resmas de papel...**alí preto, na rúa Real** onde nacín- senon tamén á vila de Pontedeume.

Como algúns dos que estades aquí sabedes vivo e vivin practicamente toda miña vida, dende os 19 anos, na capital do Reino. E, neste contexto, CÁTEDRA achégame con cada número, as rúas, as casas, as

xentes, as historias deste lugar, crónicas de hoxe ou de antano, que **me permiten sentirme preto da CASA** (esa casa con maiúsculas que todos levamos no corazón cando estamos na diáspora).

O tempo, CÁTEDRA supuxo pra min manter viva a chama da imprenta LÓPEZ TORRE cando pecharon os talleres e as máquinas se apagaron no ano 2002. Unha chama prendida polo meu abó hai máis dun século, en 1923, avivada polo seu fillo Miguel -meu pai- **que legoume moito do seu saber**, e mantida despois por Carlos, meu irmá. Ambolosdous teñen moito que ver coa miña relación con CÁTEDRA.

No meu estudo en Madrid, nas horas de maquetación da REVISTA, sentíame a miúdo coma si estivese no taller do **meu pai**, traballando unha vez máis ao seu carón. A suxestión podía levarme incluso a confundir o cheiro do tonner da miña impresora laser co cheirume característico da tinta de imprenta.

Pero o tempo pasa... e ben rápido que o fai...!

Pareceme que foi anteonte cando editamos en 1996 o monográfico daquel número 3 da revista -O TUMBO DE CAAVEIRO- co que empecei a traballar nela. **Mais de cento cincuenta páxinas tecleadas a man** (porque entón os OCR que hoxe coñecemos non existían) **para dixitalizar un texto en latín bello**, recollido no valioso

documento presentado nesa edición. Lembro que foi moi laborioso facer aquel traballo, tiveren incluso que adaptar a miña cadeira de mesa, para mellorar a ergonomía e non facerme dano nas costas, por tantas horas empregadas nesta tarefa.

Dende entón ata hoxe os procedementos cambiaron moito. Por exemplo, antes os textos de cada artigo tiña que teclealos eu, para introducilos na galeirada, como neste caso do que estou a falar, que -por ser en latín- foi especialmente complicado. Agora, os autores xa entregan os textos en formato dixital pra poder construír cómodamente a maqueta.

Dende entón ata hoxe os tempos de traballo víronse reducidos considerablemente ao tempo que os programas informáticos de asistencia á edición desenvolvían novas habilidades e destrezas. Isto permitiúme adicarme máis e mellor ao deseño e presentación da revista: páxina a páxina, número a número, “xogando” cos elementos de imaxe e de texto, buscando unha experiencia máis cómoda para o lector.

Coincidindo cos números **dez, vinte e trinta** da REVISTA fomos actualizando os estilos de maquetación da publicación, adaptándola en cada momento os novos tempos, pero mantendo os elementos que a fan recoñecible entre os lectores habituais: os tipos de letra, *Garamond* da cabeceira e *Times* do texto interior.

Co tempo as comunicacións brindadas por *Internet* e a telefonía móvll fixeron moito máis doado non só o intercambio de materiais e o visionado de probas de composición, case que a tempo real, senon que fixeron máis fluida tamén a relación cos propios autores e autoras. Ao longo destes anos, tiven a oportunidade de compartir directamente con moitos deles -coñecendo, por certo, a persoas moi interesantes-...

Sen dúbida, **ésto tamén axuda a mellorar o resultado**. Teño moi boas lembranzas desta parte do meu traballo en CÁTEDRA: máis aló dos intercambios de información encol do artigo en cuestión, algunhas conversas cos autores e autoras extendíanse á charla persoal. Incluso con algúns que non coñecía antes pero que, ao longo dos anos de colaboración, pudimos establecer unha pequena amizade na distancia, saudándonos cada ano.

Con emoción quero lembrar aquí a José Luis Lamigueiro, que nos deixou repentinamente en 2021, cando estábamos a traballar no número 28 da revista, no que aparece o seu último artigo.

Neste libro que hoxe presentamos -o número 32- hai moitos nomes: **nomes de lugares** que nos falan dos

asentamentos de quenes nos precederon en tempos remotos, e **nomes de persoas** que tamén estiveron aquí antes, loitando polas súas ideas, polos dereitos de todos ou polo noso patrimonio monumental; **nenos** que non chegaron a **maiores** ou cregos asasinados... Verdadeiros “*True Crime*”, como se lles chama nas plataformas de televisión máis populares de hoxe en día. Feitos reais que conformaron o noso pasado, nestas rúas de Pontedeume ou nos concellos e parroquias cercanas...

Ramón Pena, Augusto Lamas, Juan Villar, Ángel leira, José Antonio Fonte, Manuel Allegue, Generosa Martínez, Elena leira, José Manso, Ramón Guntín, Elías Seoane, María Victoria Areal -Mimí-, Rodrigo Piñeiro... e podería seguir, porque hai moitos máis nomeados nas páxinas deste libro que hoxe presentamos, nomes de vidas tráxicas e interesantes... **protagonistas de historias que conven NON esquecer** e que vos invito a coñecer.

Tamen hai nomes de heroes, mulleres e homes de rigurosa actualidade, que están ahí ao carón de nós, salvagardando nosas vidas, nosos bens..., capetaneados por Fran Saavedra a quen podedes coñecer na **entrevista en exclusiva**, feita este mesmo ano, e recollida nesta nova edición da REVISTA.

Este libro que hoxe presentamos -o número 32- é o último no que participo como editora. Iso non significa que vaia a abandonar este proxecto. Como dicia antes -remarcando o presente e pensando no futuro- CÁTEDRA me fala de Pontedeume e dos concellos da comarca. Leer as súas páxinas é un auténtico pracer para os que queremos coñecer o noso pasado, a nosa cultura, e achergarnos máis a nós mesmos.

Como lectores xogamos un papel fundamental na transcendencia de todas as historias que nos conta a REVISTA... Pero como eumeses, este libro aberto á colaboración, bríndanos tamen a oportunidade de deixar testemuña daquelo que coñecemos ben, do que podemos falar con rigor, e que pode ser de **relevancia histórica para nosa comunidade**.

Aproveito este momento para facer un chamamento á colaboración. Pra seguir loitando por manter esta publicación e animar a xente xoven a que tome o relevo, coa mesma ilusión -ao menos- que a que temos os que estamos, e a que tiñan os que tamén estiveron -algúns deles xa falecidos-, axudando TODOS a engadir páxinas de calidade a este LIBRO.

E xa para rematar, quero dar as grazas ó Consello de Redacción da Revista, por permitirme colaborar con eles durante todo este tempo, e por brindarme a oportunidade de presentar hoxe -a modo de despedida- o último número de **CATEDRA, Revista eumesa de estudos.**

GRAZAS!